Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova da Serpe de Punxín

En Punxín, parroquia de Santa María, concello de Punxín (Ourense), había unha serpe moi grande nunha cova. Se alguén entraba alí era hipnotizado pola serpe e xa non podía saír.

A xente reaccionou e decidiu taponar a entrada da cova para evitar máis desgrazas. Así o fixeron pero, ninguén sabe como, a serpe puido fuxir.

Disque conseguiron detela usando maxia pero todos teñen medo a que a cobra poda reaparecer en calquera momento.

[Recollido por Adrián Mosquera González en xaneiro de 1994 a Santiago González Fernández (74 anos)]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

VÁZQUEZ-MONXARDÍN FERNÁNDEZ, A., «102 lendas e noticias lendarias», en Boletín Auriense, XXIV, 1994, páx.. 287- 336.